

PFPP 2021/2022

15026637 - CEIP de Barouta

OBXECTIVOS:

1. Impulsar a implementación didáctica das TIC, a través elaboración do Plan dixital do centro.
2. Facer do CEIP de Barouta un centro saudable no que potenciar a convivencia e a relación coas familias, relacionando as actividades do PFPP con todas as modalidades de contratos programa solicitados para o noso centro para o presente curso.
3. Crear un espazo reservado para a mediación escolar e un equipo de mediadoras e mediadores.

PRODUTOS FINAIS

[Maleta de convivencia.](#)

[Plan Dixital: Plan de Acción.](#)




Itinerario: Convivencia saudable

MALETA DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS:

1. Deseñar entre todas un banco de dinámicas-xogos para fomentar un bo clima relacional nas aulas e, en definitiva, promover a convivencia no centro.
2. Incluír as dinámicas-xogos vistos durante a formación, adaptándoos ao grupo de idade do alumnado segundo o ciclo-etapa do que se trate.
3. Incluír outras dinámicas-xogos dentro de cada un dos chanzos da escaleira da provención.
4. Crear un espazo reservado para a mediación escolar e un equipo de mediadoras e mediadores.

ESCALEIRA DA PROVENCIÓN:



DESEÑO DUN PRODUTO FINAL:

- Estableceremos unha serie de grupos de traballo para o deseño da “maleta de convivencia”.
- Cada grupo debe realizar as súas achegas a un documento de Drive para o cal nombrará a unha persoa coordinadora.

PFPP 21-22 CEIP DE BAROUTA

MALETA DE CONVIVENCIA

ÍNDICE:

ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN INFANTIL	7
PRESENTACIÓN	7
Nome da dinámica/xogo: “METADE”	7
COÑECERNOS	8
Nome da dinámica/xogo: “A PELOTA QUENTE”	8
CONFIANZA	8
Nome da dinámica/xogo: “CARAVANA DE EIRUGAS”	8
Nome da dinámica/xogo: “TRONCO DO AMAZONAS”	10
APRECIO	10
Nome da dinámica/xogo: “ROLDA DE SAÚDOS”	10
COMUNICACIÓN	11
Nome da dinámica/xogo: “O TELÉFONO ESTRAGADO”	11
CONSENSO	12
Nome da dinámica/xogo: “BÚSQUEDA DO TESOURO”	12
COOPERACIÓN	13
Nome da dinámica/xogo: “O GLOBO”	13
ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA, 1º CICLO	14
PRESENTACIÓN	14
Nome da dinámica/xogo: “A ARAÑEIRA”	14
Nome da dinámica/xogo: “DUELO DE NOMES”	14
COÑECERNOS	15
Nome da dinámica/xogo: “EU SON”	15
Nome da dinámica/xogo: “CITA EXPRES”	16
CONFIANZA	16
Nome da dinámica/xogo: “A RODA AXEONLLADA.”	17
APRECIO	17
Nome da dinámica/xogo: “OS AFECTOS”	17
COMUNICACIÓN	18
Nome da dinámica/xogo: “O ZOO”	18
CONSENSO	19
Nome da dinámica/xogo: “COELLO, CAZADOR E ÁRBORE”	19

COOPERACIÓN	20
Nome da dinámica/xogo: “LAPIS EN BOTELLA”	20
ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA, 2º CICLO	21
PRESENTACIÓN	21
Nome da dinámica/xogo: “PÍCAME”	21
Nome da dinámica/xogo: “BAILAMOS”	22
COÑECERNOS	23
Nome da dinámica/xogo: “O MEU COLEGA”	23
Nome da dinámica/xogo: “PIN-PAN”	23
CONFIANZA	24
Nome da dinámica/xogo: “A GUÍA”	24
Nome da dinámica/xogo: “SALTAR”	25
APRECIO	25
Nome da dinámica/xogo: “O MEU FOLIO”	25
COMUNICACIÓN	26
Nome da dinámica/xogo: “TELÉFONO ESTRAGADO” (REPETIDA)	26
Nome da dinámica/xogo: “O MEU MAIOR LOGRO”	27
CONSENSO	27
Nome da dinámica/xogo: “0-20”	27
Nome da dinámica/xogo: Elexir un xogo en tempo libre.	28
COOPERACIÓN	28
Nome da dinámica/xogo: “APOIOS”	28
ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA, 3º CICLO	30
PRESENTACIÓN	30
Nome da dinámica/xogo: “A MALETA”	30
Nome da dinámica/xogo: “MACEDONIA”	30
COÑECERNOS	31
Nome da dinámica/xogo: “COMPLETANDO INFORMACIÓN”	32
Nome da dinámica/xogo: “A ESTRELA”	33
Nome da dinámica/xogo: “VERDADE OU MENTIRA”	34
CONFIANZA	35
Nome da dinámica/xogo: “NAI-FILLA”	35
Nome da dinámica/xogo: “O VENTO E A ÁRBORE”	36
Nome da dinámica/xogo: “A ESTATUA”	36
APRECIO	37
Nome da dinámica/xogo: DUCHA DE AFECTOS	37
Nome da dinámica/xogo: A BOTELLA XIRATORIA	38
COMUNICACIÓN	39
Nome da dinámica/xogo: “CÍRCULOS CONCÉNTRICOS”	39
Nome da dinámica/xogo: “BOTAR UNHA OLLADA”	40
CONSENSO	41



Nome da dinámica/xogo: “A BALSA”	42
Nome da dinámica/xogo: QUE DECIDIMOS? (Fonte: Escola de Cultura de Pau).	42
COOPERACIÓN	44
Nome da dinámica/xogo: “E SI”	44
Nome da dinámica/xogo: ENCHENDO A MOCHILA	45



ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN INFANTIL

1. PRESENTACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: “**METADE**”

- a. **Obxectivo:** acadar un primeiro achegamento lúdico entre as crianzas
- b. **Desenvolvemento:** a mestra debuxará en 13 cartolinas un sol (pode ser calquera debuxo) de cor distinta en cada un dos papeis. Despois rachará o debuxo pola metade e deixará todos os papeis mesturados no chan. Todo o grupo estará nun círculo que se desfará para que cada crianza colla un anaco de papel e busque á compañeira/o que ten a outra metade. Cando se atopen presentaranse e dirán o seu nome. Pasado un tempo volverán ao círculo inicial para presentarse, ver se lembran o nome da compañeira/o, coñecer o nome d@s demáis ...
- c. **Reflexión:** gustoume o xogo?, atopei á miña compañeira/o?, lembro o seu nome?, lembro o nome de máis compañeiras/os?, sentínome cómod@ facendo o xogo? ...

B. Agrupamento: 25 crianzas de 4º-5º-6º EI

C. Materiais que se precisan: folios, rotuladores de cores

D. Espazo/tempo: aula ampla/ unha sesión (entre 50 e 60 minutos)

E. Observacións: con esta dinámica pódese obter información adicional sobre as crianzas: que é máis tím@d, quen é máis resolutiv@ ...



2. COÑECERNOS

A. Nome da dinámica/xogo: “**A PELOTA QUENTE**”

- a. **Obxectivo:** coñecer gustos e preferencias das compañeiras e compañeiros
- b. **Desenvolvemento:** sentad@s en círculo a mestra di “A miña cor preferida é ...” e lanza a pelota a unha das crianzas para que moi rapidamente (posto que a pelota queima) diga tamén a súa cor preferida e pase a pelota a outra nen@ para que faga o mesmo e así sucesivamente ata que todas as crianzas falaren. O xogo continúa do mesmo xeito pero agora é unha nena ou neno a que lanza primeiro a pelota e a que escolle o que quere dicir (por exemplo: o que máis me gusta no mundo é ...)
- c. **Reflexión:** puiden dicir todo o que quería?, como me sentín cando a pelota chegou a min?, sorprendeume algunha resposta d@s meus compañeir@s?, coincidín con alguén nas miñas respostas? ...

B. Agrupamento: 25 crianzas de 4º,5º e 6º EI

C. Materiais que se precisan: pelota

D. Espazo/tempo: espazo amplo/ tempo indeterminado

E. Observacións: con este xogo veremos quen conta experiencias persoais, quen se deixa levar e repite o que dixeron @s compañeir@s ...

3. CONFIANZA

A. Nome da dinámica/xogo: “**CARAVANA DE EIRUGAS**”

- a. **Obxectivo:** ser capaz de confiar nas compañeiras e compañeiros acadando un clima de comodidade e seguridade entre todas e todos
- b. **Desenvolvemento:** propoñemos ás crianzas comportarse como eirugas que camiñan ao sol por todo o espazo. Cando están andando pola aula mencionámoslle que ás eirugas gústalles



camiñar en compañía e que cando atopan a unha compañeira/o cóllense da mane pasean xuntas. Cando levan un tempiño camiñando da man, facémoslles saber que as eirugas confían moito unhas nas outras e cando se atopan con dúas compañeiras, suxéitanse ao lombo coma se fosen un tren e camiñan cos ollos pechados (agás a eiruga que fai de locomotora). Así teremos varias filas de 4 eirugas camiñando xuntas cos ollos pechados por todo o espazo. Indicámoslle en que as eirugas camiñan lentas e cómodas cos ollos pechados deixándose guiar pola primeira eiruga. Unha vez levan un tempo no tren, pedímoslles que se solten e comezamos de novo pedíndolles que agora se agrupen con outras compañeiras e compañeiros.

- c. **Reflexión:** gustoume o xogo?, fun quen de camiñar cos ollos pechados?, que sentía mentres ía camiñando?, fun quen de levar os ollos pechados todo o tempo?

- B. Agrupamento: 25 crianzas de 4º,5º e 6º de EI
C. Materiais que se precisan: ningún
D. Espazo/tempo: espazo grande/ unha sesión (50-60 minutos)
E. Observacións: haberá crianzas ás que lles costará manter os ollos pechados, outras que sempre queiran ser locomotora, outras que busquen a nenas e nenos que xa coñecen ...



A. Nome da dinámica/xogo: **“TRONCO DO AMAZONAS”**

- a. **Obxectivo:** organizarse según un criterio dado, por exemplo altura, idade...; para xerar situacións de colaboración, confianza ... empregando a comunicación non verbal.
- b. **Desenvolvemento:** no chan da aula acotárase un espazo con cinta de xeito que as crianzas poidan colocarse en ringleira neste tronco imaxinario. A persoa que xestiona a actividade dá ao grupo un sistema de clasificación (altura, idade ...) e este deberá chegar a un acordo de xeito non verbal para organizarse neste espazo acotado según o criterio dado. Para desprazarse no tronco poden axudarse pero deben evitar a zona exterior para non estar eliminados.

Reflexión: Gustoume o xogo? Foi doado comunicarse sen utilizar a palabra? Fomos quen de organizarnos? Como me sentín cando caín do tronco e fun excluíd@ do xogo? Decidín moverme ou seguín as indicacións doutr@s? Sentínme integrad@ e apoiad@ no grupo? ...

- B. Agrupamento: 25 crianzas de 4º,5º e 6º de EI
- C. Materiais que se precisan: cinta adhesiva de papel
- D. Espazo/tempo: espazo grande (aula)/ indeterminada
- E. Observacións: haberá crianzas que participen de xeito activo, outras que fiquen excluídas, a capacidade das nenas e nenos para chegar a acordo, a xestión da frustración...

4. APRECIO

A. Nome da dinámica/xogo: **“ROLDA DE SAÚDOS”**

- a. **Obxectivo:** Traballar habilidades sociais dun xeito agarimoso.
- b. **Desenvolvemento:** En gran grupo, movémonos polo espazo ao ritmo dunha música lenta. Cando pare,miramos á nena/o que non cadre máis perto e saudámolo de xeito agarimoso pero sen falar,ex;sorriso coa mirada, aperta intensa,aperta de costas,etc



Podemos facelo tamén nunha roda de saúdos con alguén que saúde a todo o grupo e as/os demais imitan ou ben por parellas, onde unha nena/o saúda a outro.

- c. **Reflexión:** Souberon crear un saúdo xestual? E imitalo? Participa todo o grupo ou aparecen crianzas con vergoña? Conseguiron manterse en silencio?

B. Agrupamento: 25 crianzas ou 12/13 parellas de distintos niveis

C. Materiais que se precisan: Música relaxante

D. Espazo/tempo: Espazo amplo / 20 minutos

E. Observacións: Participa todo o alumnado? Inventan e xogan coa expresión xestual? Aceptan á persoa que lles toque saudar ou van na procura doutras amizades?

5. COMUNICACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: “**O TELÉFONO ESTRAGADO**”

- a. **Obxectivo:** fomentar a comunicación verbal e non verbal (xestos, miradas...), buscar a través do xogo e a diversión novas canles de comunicación para que as crianzas se sintan máis cómodas, favorecer que as relacións entre nenas e nenos sexan máis abertas.
- b. **Desenvolvemento:** sentad@s en círculo a mestra di unha mensaxe na orella da crianza que ten á súa esquerda. A mensaxe transmitírase de crianza en crianza ata que chegue ao inicio e aí verase a diferenza entre a mensaxe orixinal e a mensaxe final.
- c. **Reflexión:** entendín o que me dixo a miña compañeira/o?, transmitín a mensaxe exactamentente tal e como ma dixeron a min?

B. Agrupamento: 25 crianzas de 4º,5º,6º EI

C. Materiais que se precisan: Non se precisan.

D. Espazo/tempo: espazo grande/ unha sesión (50-60 minutos)



- E. Observacións: atención á linguaxe verbal e non verbal, comentario individual en gran grupo do que cada crianza escoitou.

6. CONSENSO

A. Nome da dinámica/xogo: **“BÚSQUEDA DO TESOURO”**

- a. **Obxectivo:** Chegar a acordos de xeito consensuado
- b. **Desenvolvemento:** Organizamos ao alumnado en 3 equipos de 8 ou 9 nen@s, e plantexámoslle o seguinte reto. “Tedes que atopar un tesouro agochado na fraga e está a piques de anoitecer. Que material levaríades na mochila de busca tesouros?”
Os equipos terán que chegar a cordos gardando na mochila aqueles obxectos que poden ser útiles,ex: unha lanterna pero non un bañador.
Despois comprobaremos o contido da mochila cunha listaxe de supervivencia para o monte.
- c. **Reflexión:** Comprendín o reto? Que teño que buscar? Diálogo para escoller unha cousa ou outra?

B. Agrupamento: 3 equipos de 8 ou 9 nen@s e posterior posta en común co grupo de 25

C. Materiais que se precisan: Mochilas e obxectos dispares de supervivencia,de mar,montaña, algún xoguetes,conto,etc

D. Espazo/tempo: Espazo amplo ao aire libre /indeterminado

E. Observacións: Quen é o alumnado máis resolutivo e que actúa e decide máis, outro que non participa, razoamentos que emiten para decidir unha cousa ou outra,etc



7. COOPERACIÓN

- A. Nome da dinámica/xogo: **“O GLOBO”**
- Obxectivo:** relacionarse e comunicarse c@s demáis, compartir obxectivos e metas, aprender novas destrezas e habilidades
 - Desenvolvemento:** a mestra lanzará un globo ao aire e as crianzas terán que buscar a maneira entre tod@s para que non toque o chan.
 - Reflexión:** puiden colaborar para que o globo non tocase o chan?
- B. Agrupamento: 25 crianzas de 4º, 5º e 6º EI
- C. Materiais que se precisan: globos
- D. Espazo/tempo: espazo amplo/unha sesión (50-60 minutos)
- E. Observacións: con este xogo poderemos observar quen é líder e pretende acaparar xogo, quen é tímida e non toca o globo, quen se enfada porque non tocou o globo ...



ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA, 1º CICLO

1. PRESENTACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: “A ARAÑEIRA”

- a. **Obxectivo:** Crear unha rede que simbolice a unión para que o resto do ano sexa positivo para o alumnado.
- b. **Desenvolvemento.** Todo o alumnado colocado en círculo. O docente ten a corda ou lá e comeza dicindo o seu nome e pásalle a corda ou lá a outra persoa que dirá o nome do docente e o seu. Pasa a corda ou lá a outro participante que terá que dicir todos os nomes encadeados. Continúase ata que todo o grupo diga o seu nome.
- c. **Reflexión.** Foi difícil recordar os nomes? Que simboliza que o grupo estea unido por unha mesma corda e formando unha única rede?

B. Agrupamento: gran grupo.

C. Materiais que se precisan: corda ou lá.

D. Espazo/tempo: espazo amplo. Duración aproximada 20`.

E. Observacións:

A. Nome da dinámica/xogo: “DUELO DE NOMES”

- a. **Obxectivo:** Coñecer e familiarizarse cos nomes dos/as integrantes do grupo.
- b. **Desenvolvemento:** A clase dividirase en dous grupos, intentando ser homoxéneos. Posteriormente no centro da aula haberá unha sábana ou algo similar que impida a visión dos grupos. En cada ronda, sairá unha parella de cada grupo, e cando baixe a sábana terán que dicir o nome das persoas que teñen en fronte. As persoas máis lentas pasarán para o equipo contrario.



- c. **Reflexión.** Coñeciamos os nomes de todos/as os compañeiros/as?
Como nos sentimos realizando esta actividade? Resultou difícil? ...
- B. Agrupamento: Gran grupo.
- C. Materiais que se precisan: Sabana ou material que impida a visión.
- D. Espazo/tempo: Aula ampla, deixando as mesas para un lado e deixando espazo libre no medio. A duración sería de 20' aproximadamente.
- E. Observacións: Unha variante desta dinámica, dado que é maioritariamente oral, sería introducir un apoio visual con tarxetas con foto e nome, e que teñan que en vez de dicir oralmente escoller a imaxe.

2. COÑECERNOS

- A. Nome da dinámica/xogo: **“EU SON”**
- a. **Obxectivo:** Pretende favorecer a autoestima e a imaxe que temos dos demais.
- b. **Desenvolvemento:** En grupos de 4 sentados no chan. O docente inicia unha oración que eles deben rematar con algunha experiencia propia.

“Eu son valente porque unha vez ...”

“Eu son alegre porque unha vez ...”

“Eu son boa persoa porque unha vez ...”

- c. **Reflexión.** Que foi o que máis me gustou da dinámica? Que aprendín do grupo?
- B. Agrupamento: Gran grupo dividido en grupos de 4.
- C. Materiais que se precisan: Ningún.
- D. Espazo/tempo: Espazo amplo para poder sentarse en grupos. Duración aproximada 20'.



E. Observacións:

A. Nome da dinámica/xogo: **“CITA EXPRÉS”**

- a. **Obxectivo:** escoitar ao compañeiro/a e ser escoitado/a.
- b. **Desenvolvemento:** Individualmente debuxan un reloxo cas horas marcadas de en punto, e cuarto, e media e menos cuarto. A continuación teñen que buscar un compañeiro/a para fixar unha cita para cada unha das horas marcadas. Todos teñen que ter esas citas marcadas, en caso contrario temos que buscar unha variante (cita de tres, mover outras citas, ...). Debendo respetar as citas dos compañeiros/as que xa tiñan fixadas. Para cada cita deberán responder unha pregunta (Ex: Que patio che gusta máis xogar e porque?), primeiro responde un e o compañeiro/a escoita e viceversa.
- c. **Reflexión:** Que aprendiches de ti? Que descubriches de ti? Que beneficios lle ves a esta actividade? Sei escoitar? Seime expresar?

B. Agrupamento: Parellas.

C. Materiais que se precisan: Folio e lápiz.

D. Espazo/tempo: Aula ampla apartando as mesas a un carón e deixando espazo libre no medio. A duración será de 20' aproximadamente.

E. Observacións: Para cursos máis baixos reduciríase as citas, poñendo só dúas horas (en punto e e media). Esta dinámica serve para coñecer as relacións de afinidade entre o grupo.



3. CONFIANZA

A. Nome da dinámica/xogo: **“A RODA AXEONLLADA.”**

- a. **Obxectivo:** Cohesión grupal.
- b. **Desenvolvemento:** Colócase o grupo en círculo de pé, colocados ombreiro con ombreiro. Xiran á esquerda, quedando en fila pero en forma de círculo. Deben formar un círculo ben apretado. Para conseguilo o/a docente pode pedir que den un paso cara adentro do círculo. Ao sinal do/a docente, o alumnado sentarase suavemente nas pernas da persoa que ten detrás. Ao facelo, formarán un “círculo sentado”.

Para facelo un pouco máis complicado pódese pedir que se recosten hacia atrás, dar un paso colectivo para que o círculo avance, balancearse cos brazos en alto...

- c. **Reflexión:** Como se sentiron? Que foi o máis difícil da dinámica?

B. Agrupamento: gran grupo.

C. Materiais que se precisan: ningún

D. Espazo/tempo: espazo amplo. A duración 20' aproximadamente.

E. Observacións:

4. APRECIO

A. Nome da dinámica/xogo: **“OS AFECTOS”**

- a. **Obxectivo:** Fomentar o amor propio e o amor polos demais.
- b. **Desenvolvemento:** O docente pide que cada participante escriba nun papel catro cualidades da súa personalidade (non referidas a atributos físicos). Farase en dous minutos. Ese papel pegarase no peito para que os demais poidan velo.



Moveranse polo espazo para ler o que escribiron os demais. Despois teñen que engadir outra cualidade da persoa que leva o papel. Para rematar cada un pode engadir ao seu listado cualidades que puido ler nos demais e coas que se identifica.

- c. **Reflexión:** Como me sentín? Costoume recoñecer e expresar cualidades propias? Como me sentín co recoñecemento das miñas cualidades por parte do resto do grupo?

- B. Agrupamento: gran grupo.
C. Materiais que se precisan: lapis, papel e cinta.
D. Espazo/tempo: espazo amplo. Duración aproximada 20'.
E. Observacións:

5. COMUNICACIÓN

- A. Nome da dinámica/xogo: **“O ZOO”**
- a. **Obxectivo:** Crear grupos en función da nosa identidade.
- b. **Desenvolvemento:** Previamente á actividade o docente escribe nomes de animais en papeis e doblados pola metade. Hai que repetir os nomes dos animais para formar grupos (o ideal sería 3 ou 4). Gardamos os papeis nunha bolsa, cesto...

Colocados en círculo. Cada persoa colle un papel de xeito aleatorio. A partir dese momento ninguén pode falar nin amosar o seu papel. Poden facer xestos e sons relacionados co seu animal. Deben formar grupos segundo o animal que teñan.

- c. **Reflexión:** Como me sentín? Foi doado atopar ao meu grupo? Somos quen de entendernos cando nos comunicamos co grupo?

- B. Agrupamento: gran grupo.



- C. Materiais que se precisan: lapis e papel.
- D. Espazo/tempo: espazo amplo. Duración aproximada 20'.
- E. Observacións:

6. CONSENSO

- A. Nome da dinámica/xogo: **“COELLO, CAZADOR E ÁRBORE”**
 - a. **Obxectivo:** Poñernos de acordo sobre unha decisión de grupo.
 - b. **Desenvolvemento:** Dividimos ao grupo en dous. O docente explica o seguinte na pizarra (poder ser escrito ou con debuxos):

Coello - Mans sobre a cabeza simulando unhas orellas.

Cazador - En cuclillas.

Árbore - Brazos aos lados do corpo.

Coello elimina a árbore.

Árbore elimina a cazador.

Cazador elimina a coello.

Unha vez entendido isto o docente explica que cada grupo debe decidir que vai a escoller (coello, cazador ou árbore). Hai que facelo sen que o outro grupo se entere para poder vencelo.

Para tomar a decisión só teñen un minuto. Unha vez tomada a decisión, colócanse un grupo en frente do outro e á conta de tres fan a súa postura.

- c. **Reflexión:** Darnos conta do difícil que é decidir nos grupos e chegar a un acordo. Como te sentiches? Tivéronse en conta as túas opinións? Que foi a máis fácil e o máis difícil? Que aprendiches con esta dinámica?



- B. Agrupamento: gran grupo dividido en tres grupos.
- C. Materiais que se precisan: Ningún.
- D. Espazo/tempo: Espazo amplo. Duración aproximada 30'.
- E. Observacións:

7. COOPERACIÓN

- A. Nome da dinámica/xogo: **“LAPIS EN BOTELLA”**
 - a. **Obxectivo:** De xeito cooperativo, introducir un lapis nunha botella.
 - b. **Desenvolvemento:** Fórmase un círculo. Cada participante terá o extremo dunha corda. Polo outro extremo todas as cordas se unen no centro do círculo. Dese centro colgará unha pequena corda na que se amarrará un lapis. Debaixo do lapis colócase unha botella. As crianzas intentarán introducir ese lapis dentro da botella coordinando os movementos entre o grupo.
 - c. **Reflexión:** Como te sentiches? Que foi o máis fácil e o máis difícil? Que aprendiches da dinámica e dos teus compañeiros?
- B. Agrupamento: gran grupo.
- C. Materiais que se precisan: cordas, lapis e botella.
- D. Espazo/tempo: Espazo amplo. Tempo ilimitado.
- E. Observacións:



ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA, 2º CICLO

1. PRESENTACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: “PÍCAME”

- a. **Obxectivo:** Coñecer os nomes de todas as persoas ao tempo que se estimula a atención sostida e a memoria.
- b. **Desenvolvemento:** O alumnado disposto nun círculo, a persoa dinamizadora preséntase e di: “Eu son *Fulanita* e pícame a cabeza (por exemplo)”, acompañándoo do xesto correspondente. A persoa seguinte, repite o que dixo a anterior, do seguinte xeito: “Ela é *Fulanita* e pícalle a cabeza”, mentres fai o xesto de rascarse a cabeza. A continuación, preséntase a si mesma e di o que lle pica: “Eu son Menganito e pícame ...”, acompañándoo dun xesto diferente. Así sucesivamente ata chegar á derradeira persoa que ten do círculo.
- c. **Reflexión:** Foime sinxelo recordar os nomes das/os compañeiras/os? E os xestos?

B. Agrupamento: gran grupo

C. Materiais que se precisan: Non se precisan.

D. Espazo/tempo: 20- 30 min.

E. Observacións: esta dinámica ten sentido cando se misturan grupos e o alumnado descoñece o nome das/os compañeiras/os, cando hai incorporación de alumnado novo no grupo clase, para coñecer á nova persoa educadora e lograr un ambiente distendido o primeiro día de clase...

A persoa que dirixe a dinámica pode ademais observar que alumnado ten maior facilidade/dificultade para manter a atención, para recordar, quen é máis tímida/o...



A. Nome da dinámica/xogo: **“BAILAMOS”**

- a. **Obxectivo:** Coñecer os nomes de todas as persoas ao tempo que se fomenta un ambiente distendido.
- b. **Desenvolvemento:** O alumnado disposto nun círculo, a persoa dinamizadora preséntase e di: “Eu son *Fulanita* e gústame bailar así”, acompañándoo dun xesto. O resto do grupo ten que repetir o xesto. Así sucesivamente ata chegar á derradeira persoa do círculo.
- c. **Reflexión:** Como me sentín cando repetía o xesto que facía outra persoa? E cando me tocou a min facer o meu xesto? Foi fácil encontrar un xesto non repetido a medida que avanzaba o xogo?

B. Agrupamento: gran grupo

C. Materiais que se precisan: Non se precisan.

D. Espazo/tempo: 20- 30 min.

E. Observacións: esta dinámica ten sentido cando se misturan grupos e o alumnado descoñece o nome das/os compañeiras/os, cando hai incorporación de alumnado novo no grupo clase, para coñecer á nova persoa educadora e lograr un ambiente distendido o primeiro día de clase...

A persoa que dirixe a dinámica pode ademais observar que alumnado é máis tímida/o...

2. COÑECERNOS

A. Nome da dinámica/xogo: **“O MEU COLEGA”**

- a. **Obxectivo:** Coñecerse entre as/os compañeiras/os e saber máis delas/es.
- b. **Desenvolvemento:** Durante un minuto como máximo e entre parellas, unha persoa ten que explicarlle ao seu compañeiro/a



gustos persoais, idade, nº de irmáns, experiencias vividas, comida favorita, hobbies...todo aquilo que considere oportuno sobre el mesmo. O outro escoitará e explicaralle ao resto dos compañeiros dun xeito resumido a información que lle contou o seu compañeiro.

- c. **Reflexión:** Ao remate reflexionárase cos nenos se lles gustou coñecer aspectos dos compañeiros, se atoparon dificultades, se lles gustaría saber máis sobre outras persoas da aula...

B. Agrupamento: parellas.

C. Materiais que se precisan: non se precisan.

D. Espazo/tempo: Calquera lugar e 8 minutos para contar as experiencias e 1-2 minutos para contar a das/dos compañeiras/os.

E. Observacións:

A. Nome da dinámica/xogo: **“PIN-PAN”**

- a. **Obxectivo:** Coñecer aos compañeiros e desenvolver confianza e coñecemento con eles.
- b. **Desenvolvemento:** O xogo deberá comezar cos nenos/as en corro. Comezase coa primeira persoa decindo Pin e a segunda Pan. O terceiro e o cuarto dirán Pin na súa quenda, e o quinto e o sexto Pan. Os seguintes (7º, 8º e 9º) dirán Pin na súa quenda e o (10º, 11º e 12º) dirán Pan. O número de nenos e nenas que din Pin ou Pan aumentará progresivamente segundo avance o xogo sen errar. Se se fallan, o xogo deterase e terán que comezar de novo.
- c. **Reflexión:** Observar as dificultades. Comentar a importancia de coñecernos nos xogos...

B. Agrupamento: Gran grupo

C. Materiais que se precisan: Nada

D. Espazo/tempo: Calquera espazo e o tempo que se queira.

E. Observacións: Unha alternativa é que a persoa que falle terá que dicir algo sobre a súa vida, gustos, afeccións, ideas...Ou tamén responder a algunha pregunta sobre el mesmo que se lle realice.



3. CONFIANZA

A. Nome da dinámica/xogo: **“A GUÍA”**

a. **Obxectivo:** Confiar nos pares.

b. **Desenvolvemento:** Consiste que unha persoa guíe a outra, que terá os ollos pechados, desde un punto até outro ou por un período de tempo nun espazo. Pode comezar coas indicacións que desexe. Despois só pode usar a palabra vente.

Variable: realízase a guía tocando na espalda da persoa que ten os ollos pechados para xirar, avanzar e parar.

c. **Reflexión:** Falamos sobre que sentimos como guía e como nos sentimos cando nos guían.

B. Agrupamento: Por parellas.

C. Materiais que se precisan: Antifaces.

D. Espazo/tempo: Preferiblemente ó aire libre

E. Observacións: Non hai.

A. Nome da dinámica/xogo: **“SALTAR”**

a. **Obxectivo:** Confiar nos pares.

b. **Desenvolvemento:** Consiste en deixarse caer desde unha cadeira e unha mesa de espaldas. O resto do grupo ten que coller a persoa que salta e evitar que toque o chan.

c. **Reflexión:** Falamos sobre se houbo dificultades para deixarnos caer, que emocións nos freaban ou permitían saltar.

B. Agrupamento: gran grupo.

C. Materiais que se precisan: unha cadeira e unha mesa.

D. Espazo/tempo: Preferiblemente ó aire libre



E. Observacións:

4. APRECIO

A. Nome da dinámica/xogo: **“O MEU FOLIO”**

- a. **Obxectivo:** Reflexionar sobre o que me gusta de cada persoa coa que comparto o meu día a día. Valorar como me ven no grupo clase.
- b. **Desenvolvemento:** Sentados en círculo cada persoa ten un folio e/ou cartulina. Poñen o seu nome no centro do folio nun tamaño medio-grande. Despois o folio xira cara a esquerda, nese momento teremos que escribir unha cualidade positiva (algo que nos gusta) da persoa que representa o nome. O folio xira cada 30 segundos ou cada minuto, así pasarán todos os nomes por todo o alumnado até rematar o círculo.
- c. **Reflexión:** Valorar se nos resulta fácil pensar cualidades positivas das persoas que nos rodean. Observar como nos sentimos cando vemos o noso folio.

B. Agrupamento: todo o grupo.

C. Materiais que se precisan: Algo para escribir e un folio ou unha cartulina.

D. Espazo/tempo: 1 minuto por persoa. Nun grupo de 20, serían 20 minutos e 10 de reflexión.

E. Observacións: Ao finalizar, poden compartir co resto do grupo os atributos que teñen escritos no seu folio ou decidir non facelo.

5. COMUNICACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: **“TELÉFONO ESTRAGADO”**

- a. **Obxectivo:** Desenvolver a comunicación no alumnado e as habilidades de escoita.
- b. **Desenvolvemento:** O alumnado terá que colocarse en fila/círculo e diráselle unha oración ao neno/nena que comece. Este terá que



dicirla ao compañeiro do lado que a súa vez transmitirla ao seguinte e así ata o final, tentando que a oración chegue tal cal se dixo ao inicio.

- c. **Reflexión:** Se entenderon. Se o ruído externo afectou na comprensión. A importancia do silencio. A boa vocalización á hora de falar. A non necesidade de gritar para comunicar...

B. Agrupamento: Gran grupo.

C. Materiais que se precisan: Non se precisan.

D. Espazo/tempo: Espazo calquera. Tempo ilimitado

E. Observacións:

A. Nome da dinámica/xogo: **“O MEU MAIOR LOGRO”**

- a. **Obxectivo:** Coñecerse e valorar as cualidades positivas das outras persoas.

- b. **Desenvolvemento:** En grupos de catro persoas hai tres roles. 1- Unha persoa conta unha historia, algo que lle gustase facer, do que estea orgulloso. 2. Esta persoa ten que escoitar á outra persoa. 3. Dúas persoas teñen que escoitar e escribir nun papel as súas cualidades positivas.

- c. **Reflexión:** A noso autoconceito coincide co que aparece nos papeis. Como me sinto cando escoito esas cualidades positivas.

B. Agrupamento: En grupos de 4.

C. Materiais que se precisan: Papeis e bolis.

D. Espazo/tempo: 5 minutos por cada historia.

E. Observacións:

6. CONSENSO

A. Nome da dinámica/xogo: **“0-20”**

- a. **Obxectivo:** Chegar a consensos entre o grupo.



- b. **Desenvolvemento:** Un grupo de nenos e nenas terá como obxectivo ir contando dende o 0 ata o 20 sen que ningún alumno/a diga un número ao mesmo tempo, chegando a un consenso sobre como avisar de que se vai pronunciar o seguinte número.
 - c. **Reflexión:** Ao remate pódese reflexionar sobre a importancia de chegar a consensos e cumprilos para lograr obxectivos comúns.
- B. Agrupamento: Gran grupo
- C. Materiais que se precisan: Nada
- D. Espazo/tempo: O tempo que lle leve chegar a un consenso e realizar a actividade. Espazo calquera.
- E. Observacións:
-
- A. Nome da dinámica/xogo: **Elexir un xogo en tempo libre.**
- a. **Obxectivo:** Que en gran grupo chegue a un acordo sobre como utilizar o tempo libre en beneficio de todos.
 - b. **Desenvolvemento:** As nenas e nenos deberán escoller un xogo común (no que participarán todas as persoas) e que sexa escollido por consenso grupal; é dicir, no que todos estén cómodos e dacordo a que xogar.
 - c. **Reflexión:** Importancia de pensar no ben común, reflexións sobre ceder nalgunhas ocasións, escoitar aos compañeiros, pensar nos gustos e necesidades de todos...
- B. Agrupamento: Gran grupo
- C. Materiais que se precisan: Os do xogo que se escolla.
- D. Espazo/tempo: Calquera
- E. Observacións: Limitar o tempo para que cheguen ao consenso e, de non haber consenso, cancelar a actividade.



7. COOPERACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: **“APOIOS”**

- a. **Obxectivo:** Desenvolver a cooperación entre o alumnado para lograr un fin.
- b. **Desenvolvemento:** En grupos de 4 nenos/as situarse co menor número de apoios no chan formando unha figura equilibrada e que se sosteña o tempo necesario para cantar unha canción. Para elo cada apoio terá unha puntuación determinada, procurando lograr a menor puntuación posible. Cada pé equivale a 4 puntos e cada man a 1.
- c. **Reflexión:** Se foi difícil aguantar o equilibrio. Se chegaron a un consenso común. Se alguén non se sentía cómodo na figura. Se tiñan confianza...

B. Agrupamento: En grupos ata 8 persoas

C. Materiais que se precisan: Colchonetas

D. Espazo/tempo: Lugar liso (mellor con colchonetas ou chan blando por posibilidade caída). 8 minutos para pensar posibles solucións crear a figura.

E. Observacións:



ETAPA/CICLO: EDUCACIÓN PRIMARIA, 3º CICLO

1. PRESENTACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: “**A MALETA**”

- a. **Obxectivo:** Saúdarse entre as persoas do grupo e crear un ambiente distendido.
- b. **Desenvolvemento:** Mentres soa música (non demasiado alta), pedímoslles que se movan pola aula segundo as instrucións que vaia dando a mestra/mestre: mostrándose alegres, cantando, cunha maleta que pesa moito, como unha/un modelo, a cámara lenta, imitando un animal, etc. Cando se atopen con alguén teñen que saudarse e aquí tamén xogamos con elas/es. Primeiro que o fagan mirándose aos ollos; despois facéndose unha reverencia; en plan rapeiras/os, cun saúdo informal; imaxinando que vivimos nun país onde a xente saúdase chocando os xeonllos ou os ombreiros, etc.
- c. **Reflexión:** Como me sentín? Fun capaz de mirar aos ollos das outras persoas? Sentínme cómoda/o con todas as persoas coas que me crucei? E cando tiven que chocar xeonllos, ombreiros...?

B. Agrupamento: gran grupo

C. Materiais que se precisan: equipo de música ou ben ordenador con altofalantes.

D. Espazo/tempo: espazo amplo. 20-30 min.

E. Observacións: a persoa educadora pode observar a quen lle custa máis/menos interactuar.

A. Nome da dinámica/xogo: “**MACEDONIA**”

- a. **Obxectivo:** Aprender (ou recordar) os nomes das outras persoas.
- b. **Desenvolvemento:** O alumnado disposto nun círculo e unha persoa no medio. A persoa do medio apunta a un compañeiro/a e á vez di



o nome dunha froita. Se di “laranja”, dise o nome da persoa da nosa dereita; se di “limón”, o da esquerda; se di “fresa” hai que dicir o propio nome; e se di “macedonia” cámbiase todo o mundo de sitio. Hai que responder rapidamente.

Cando unha persoa que está no exterior do círculo falla, ben porque confunde esquerda-dereita, ben porque non recorda o nome da persoa en cuestión, pasa para o centro do círculo, intercambiando o sitio coa persoa que está no interior do círculo. Tamén pódese fallar por tardar demasiado tempo en responder.

c. **Reflexión:** Foime sinxelo recordar os nomes? E responder rápido?

B. Agrupamento: gran grupo

C. Materiais que se precisan: non se precisan.

D. Espazo/tempo: espazo amplo. 20-30 min.

E. Observacións: esta dinámica ten sentido cando se misturan grupos e o alumnado descoñece o nome das/os compañeiras/os, cando hai incorporación de alumnado novo no grupo clase, para coñecer á nova persoa educadora e lograr un ambiente distendido o primeiro día de clase...

A persoa que dirixe a dinámica pode ademais observar que alumnado ten maior facilidade/dificultade para manter a atención, para recordar, para discernir esquerda-dereita, quen é máis introvertido...

A persoa dinamizadora ten que tomar decisións sobre o tempo de resposta ou se alguén no interior do círculo está perdendo tempo a posta, decidir cambiar a esa persoa, para garantir o dinamismo do xogo.



2. COÑECERNOS

A. Nome da dinámica/xogo: “**COMPLETANDO INFORMACIÓN**”

- a. **Obxectivo:** Que o alumnado se coñeza máis profundamente, aspectos persoais, como gustos, afeccións, soños, medos...
- b. **Desenvolvemento:** Cada estudante prepara unha folla en branco onde escribe o seu nome na parte superior. Despois péga a con blu-tack ou cinta na parede. A continuación, a mestra/mestre explica que mentres a música estea a soar débense mover pola clase e buscar a algún compañeiro ou compañeira coa que deben falar e obter o maior número de informacións posibles (idade, afeccións, gustos...), e cando a música deixe de soar, deben buscar o papel dese/a compañeiro/a e completalo con todas as informacións que lembre. Cando volva soar a música fan o mesmo, pero con outro/a compañeiro/a diferente e, ao deterse a música, completan o seu papel cos datos que non estean escritos xa nel. Isto pódeno facer durante 15 minutos. A mestra ou mestre controla a música facendo suficientes pausas como para que cada alumna/o fale polo menos con 3 ou 4 compañeiros/os. Ao final, os estudantes quedan a folla da última persoa coa que faláron e preséntana ao resto da clase, lendo as informacións que contén máis as que obtiveron eles.
- c. **Reflexión:** Foi sinxelo para min preguntar aspectos persoais ás outras persoas? E falar de min? Busquei interactuar soamente con persoas coas que teño máis confianza para falar das miñas cousas? Descubrí algo novo dalgún que coñecía? Gustoume coñecer cousas dalgún compañeiro/a co que non tiña tanta confianza?

B. Agrupamento: gran grupo.

C. Materiais que se precisan: folios, blue-tack ou cinta, rotuladores, equipo de música ou ordenador con altofalantes.



- D. Espazo/tempo: vale calquera espazo, pode ser aula. 45 min. (15 min. para recoller información e 30 min. para presentar ás compañeiras/os.
- E. Observacións: a persoa educadora pode observar as afinidades que hai no grupo, por quen busca atoparse entre si.

A. Nome da dinámica/xogo: **“A ESTRELA”**

- a. **Obxectivo:** Que o alumnado se coñeza máis profundamente, aspectos persoais, como cor, animal, sabor... favoritos, lugar de nacemento, afeccións...
- b. **Desenvolvemento:** A persoa dinamizadora debuxa unha estrela no encerado, escribe o seu nome dentro e nas puntas datos que a identifiquen. Os estudantes teñen que tratar de pescudar que significa cada dato formulando preguntas de si ou non: A túa cor favorita é o azul? Gústache o chocolate? Cando descubran todo, repartímoslles unhas estrelas para que escriban o seu nome e datos sobre elas e eles. Despois, por parellas teñen que facer a mesma dinámica que antes, pero por quendas (primeiro pregunta un e despois o outro). Podemos cambiar as parellas cada certo tempo, para que haxa intercambios entre cantos máis alumnas/os mellor.
- c. **Reflexión:** Foi sinxelo para min preguntar aspectos persoais ás outras persoas? E falar de min? Busquei interactuar soamente con persoas coas que teño máis confianza para falar das miñas cousas? Descubrín algo novo dalguén que coñecía? Gustoume coñecer cousas dalgún compañeiro/a co que non tiña tanta confianza?

B. Agrupamento: gran grupo.

- C. Materiais que se precisan: encerado/pizarra e algo para escribir (xiz ou rotulador), folios con estrelas de 5 puntas e algo para escribir (lapis, rotulador...).



- D. Espazo/tempo: vale calquera espazo, pode ser aula. 30-40 min. (5 min. para presentar a dinámica. 5 min. para que escriban nas súas estrelas e 20- 30 min. para intercambiar preguntas coas compañeiras/os.
- E. Observacións: a persoa educadora pode observar as afinidades que hai no grupo, por quen busca atoparse entre si.

A. Nome da dinámica/xogo: **“VERDADE OU MENTIRA”**

- a. **Obxectivo:** Que o alumnado reflexione sobre si se coñece tan ben como cre.
- b. **Desenvolvemento:** Ao fío da proposta da estrela, se son estudantes que se coñecen ben, pódeseles poñer a proba para ver se de verdade coñécense tan ben. Podemos facer a actividade coas mesmas estrelas de antes. Porén, pedímoslles que escriban catro datos sobre elas/es que sexan verdade e un que sexa falso. Mesturamos todas as presentacións de cada estudante e repartímolos. Asegurámonos de que cada estudante teña a identidade doutra persoa. Dámoslles un tempo para prepararse a súa nova identidade e facemos que se presenten diante da clase ocultando a información do nome. Ao finalizar, o resto da clase terá que identificar quen é quen en realidade, sendo capaces de dicir cales eran as informacións falsas.
- c. **Reflexión:** Fun capaz de descubrir facilmente de quen se trataba? E de averiguar cal era a información falsa? Realmente coñecémonos tan ben entre nós? Por que?

B. Agrupamento: Gran grupo.

C. Materiais que se precisan: folios con estrelas de 5 puntas e algo para escribir (lapis, rotulador...).

D. Espazo/tempo: vale calquera espazo, pode ser aula. 30-40 min. (5 min. para presentar a dinámica. 5 min. para que escriban nas súas estrelas e 20- 30 min. para intercambiar preguntas coas compañeiras/os.



- E. Observacións: Esta dinámica é aconsellable en agrupamentos de alumnado que leva tempo permanecendo xunto. pero que non afondaron en coñecerse mutuamente, resultando un grupo pouco cohesionado.

3. CONFIANZA

A. Nome da dinámica/xogo: “**NAI-FILLA**”

- a. **Obxectivo:** acadar un clima de confianza a través da comodidade e seguridade que me aportan as compañeiras e os compañeiros de clase.
- b. **Desenvolvemento:** por parellas, unha persoa guía e a outra déixase guiar. A persoa que guía pon unha man sobre o ombro da outra que levará os ollos pechados. Moveranse polo espazo onde a persoa que guía exercerá unha pequena presión no ombro cando queira que a persoa guiada cambie de rumbo. A persoa guiada seguirá a ruta que lle marque a guía.

Despois de cinco-dez minutos guiando, cambianse os roles.

- c. **Reflexión :** Como me sentín na actividade? Tiven necesidade de abrir os ollos en algún momento? Sentínme insegura ou inseguro? Como me sentín mellor, guiando ou sendo guiada/o?

B. Agrupamento: por parellas.

C. Materiais que se precisan: ningún.

D. Espazo/tempo: espazo amplo.

E. Observacións: é necesaió que o espazo sexa amplo e non teña moitos obstáculos.

A. Nome da dinámica/xogo: “**O VENTO E A ÁRBORE**”

- a. **Obxectivo:** favorecer a confianza nunha mesma e no grupo.
Eliminar medos



- b. **Desenvolvemento:** formar un círculo pechado de seis ou sete persoas cunha no medio. Pídeselle á persoa do centro que poña os pés solidamente no chan, que peche os ollos, e que se deixe caer cara a un lado (coma se fose unha árbore movida polo vento). O resto do grupo ten que estender as súas mans á fronte mover á persoa do centro dun lado a outro, sen movementos bruscos e sen deixar que a persoa se caia. É importante que todas as persoas do círculo se coordinen para facer que a “árbore” se mova dun lado a outro. Cando pase un minuto outra persoa pasa ao medio ata o total de todo o do grupo.
- c. **Reflexión:** como vos sentistes na actividade? Houbo algo que non che gustou?

Sentiches medo a caer en algún momento?

- B. Agrupamento: gran grupo
- C. Materiais que se precisan: ningún
- D. Espazo/tempo: espazo amplo/ un minuto aproximadamente por cada persoa.
- E. Observacións:

A. Nome da dinámica/xogo: **“A ESTATUA”**

- a. **Obxectivo:** favorecer a confianza e a cohesión entre o grupo.
- b. **Desenvolvemento:** formanse parellas. Unha parte adoptará o rol de estatua mentres que a outra tapará os ollos cunha venda. Unha vez tapados, a persoa dinamizadora diralle á estatua que postura tomará. A idea é que a persoa cos ollos vendados toque á estatua co obxectivo de adiviñar que postura tomou, para despois imitalo. Estatua e persoa imitadora compararán ata que punto a segunda imitou á primeira, e comentarán sobre o que representaba a estatua. Cambian os roles.



- c. **Reflexión:** Que sentiches? Estabas a gusto mentras te tocaban?
Preferiches ser estatua ou escultora/or?

- B. Agrupamento: por parellas
C. Materiais que se precisan: venda para os ollos
D. Espazo/tempo: cinco minutos para cada posado
E. Observacións: as partes que se deben tocar para modelar a estatua son a cabeza, brazos e pernas. É bo sulíñalo para que ninguén se poda sentir intimidada o intimidado.

4. APRECIO

- A. Nome da dinámica/xogo: “**DUCHA DE AFECTOS**”
- Obxectivo:** Incentivar o aprecio por un mesmo e polos demais.
 - Desenvolvemento:** Para levar a cabo a actividade, en primeiro lugar fanse diferentes grupos de 5-6 nenos/as. Un/haponse no medio e os demais arredor. A actividade consiste en dar unha ducha de caricias coas mans á persoa que está no medio. Todos ao mesmo tempo moven as súas mans desde a cabeza ata os pés. Antes de comezar a persoa que está no medio di que parte/s do seu corpo non quere que lle toquen.
 - Reflexión:** Ao rematar a actividade pódese facer unha reflexión sobre se nos gustou ou non, como nos sentimos, se nos atopamos cómodos ou incómodos.
- B. Agrupamento: grupos de 5-6 alumnos.
C. Materiais que se precisan: non se precisan materiais.
D. Espazo/tempo: necesítase un espazo amplo. 20-30 min.
E. Observacións: é importante que, antes de comezar a actividade, se deixe claro que partes do corpo non queren que lles toquen para evitar que se sintan incómodos.



- A. Nome da dinámica/xogo: **“A BOTELLA XIRATORIA”**
- Obxectivo:** Amosar afecto aos demais.
 - Desenvolvemento..** Todos se colocan en círculo sentados no chan en torno a unha botella. Unha persoa colle unha botella valeira e a fai xirar a botella sobre ela mesma. Cando se pare dá un bico, aperta ou choque de mans (escolle a persoa á que sinalou a botella) a quen lle apunte a botella. Se a botella sinala un neno ou nena que xa recibiu o bico, aperta ou choque de mans tócalle ao que estea ou seu lado (escolle quen lle tocou). Repítese esta actividade ata que todo o grupo participe. Se o grupo é moi numeroso pódense facer grupos máis pequenos.
 - Reflexión:** Como me sentín? Sentínme a gusto? Gustoume realizar a actividade?
- B. Agrupamento: gran grupo.
- C. Materiais que se precisan: unha botella de plástico valeira. Se non temos unha botella podemos usar un obxecto semellante coma un lapis, pau, pincel...
- D. Espazo/tempo: espazo amplo. 20-30 min.
- E. Observacións: debido a que é unha actividade que depende do azar débese intentar que todos participen, polo que cando lle toque a algún que xa participou escolle o alumno que sinalou a botella, pero ten que escoller a algún que non participara.

5. COMUNICACIÓN

- A. Nome da dinámica/xogo: **“CÍRCULOS CONCÉNTRICOS”**
- Obxectivo:** Que as nenas e nenos sexan quen de pararse a pensar e a escoitar ás demais compañeiras e compañeiros, tendo así a oportunidade de coñecer cousas novas dun mesmo e dos demais.



b. **Desenvolvemento:** Divídese o grupo en dúas metades e formamos dous círculos, un interior e outro exterior. Os que se atopan no círculo de dentro, colócanse de costas (mirando cara a fóra) e os do círculo de fóra colócanse mirando aos integrantes do outro círculo. Así pois quedan enfrontados por parellas.

A mestra/mestre expón unha pregunta, por exemplo: Cal é a túa comida favorita? Que animal che gustaría ser e por que? Se puideses ter un superpoder, cal sería?....

Establécese un tempo determinado para responder á pregunta por parte de ambas persoas “enfrentadas”. (minuto e medio aproximadamente). Cada vez que se expón unha pregunta nova, só os membros do círculo exterior vanse movendo, van rotando, sempre no mesmo sentido ata chegar novamente á parella pola que comezaron a actividade. Así todos os participantes do círculo interior haberán interactuado con todos os do círculo exterior. **IMPORTANTE!** Aclararlles que: Cando o compañeiro ou compañeira está falando eu soamente podo escoitar, non debo falar.

c. **Reflexión:** Cando me están contando algo, son quen de escoitar atentamente o que me contan? Sinto a necesidade de falar ou interromper á persoa que está falando? Foi fácil expresarme? Sentínme a gusto realizando a actividade?

B. Agrupamento: Gran grupo dividido en dous

C. Materiais que se precisan: Non se precisan

D. Espazo/tempo: Trátase dunha actividade que pode ser realizada nun espazo exterior (patio) se o clima o permite, aínda que tamén en calquera aula que non teña moito mobiliario, na biblioteca...

En canto ao tempo que destinemos ao seu Desenvolvemento, dependerá do número de alumnado participante. Así pois podémola plantexar para unha sesión.

E. Observacións:



A. Nome da dinámica/xogo: **“BOTAR UNHA OLLADA”**.

- a. **Obxectivo:** Exercitar a comunicación efectiva e operativa así como tamén avaliar as diversas interpretacións que se poden realizar sobre un mesmo obxecto.
- b. **Desenvolvemento:** A mestra/mestre deberá construír unha pequena “escultura” con algúns dos bloques de construción e terá que mantelos ocultos da vista do grupo. O obxectivo da dinámica é que os participantes tenten construír unha copia exacta. Deberanse formar equipos de entre catro e cinco persoas, é ideal que todos os equipos teñan a mesma cantidade de integrantes, de ser esto posible. O procedemento do xogo é que só unha persoa en cada grupo pode mirar o modelo á vez e durante só 10 segundos para intentar memorizala. Logo regresará ao seu equipo e o describirá para que as compañeiras/os poidan replicar o modelo. (Aquí podemos dar un tempo dun minuto aproximadamente, segundo a dificultade da “escultura” a reproducir). Despois do tempo estipulado para tentar recrear a escultura, outro membro de cada equipo debe ir botar unha ollada e logo regresar ao seu equipo. O desafío debe continuar neste patrón ata que todos os membros do equipo boten unha ollada ou un equipo replique con exactitude o modelo.
- c. **Reflexión.** Como avaliamos a comunicación que houbo en cada subgrupo? Considero que as miñas compañeiras e compañeiros puideron brindar unha boa explicación do modelo que vían? Como foi a dinámica grupal para tentar resolver o desafío? Houbo algunha persoa que liderase, ou asumise outros roles? Os equipos que non puideron resolver o desafío, por que consideran que non puideron facelo? Se volvesen repetir a actividade, que mellorarían na dinámica do grupo?

B. Agrupamento: grupo clase dividido en subgrupos de 4 ou 5 membros.



- C. Materiais que se precisan: bloques de construción e algo para ocultalos. (Unha caixa por exemplo)
- D. Espazo/tempo: pódese levar a cabo na aula habitual ou en calquera outro espazo do colexio. En canto ao tempo, podería realizarse nunha sesión a primeira parte (a de imitar o modelo) e noutra sesión o momento para a reflexión.
- E. Observacións: A través desta dinámica búscase unha boa comunicación e un bo traballo en equipo. Traballamos temas como interacción mediante a comunicación, escoita activa, competencia comunicativa, perspectiva e retroalimentación.

6. CONSENSO

- A. Nome da dinámica/xogo: **“A BALSA”**
 - a. **Obxectivo:** facer achegas para tratar de atopar unha solución e cooperar para superar o desafío.
 - b. **Desenvolvemento:** Colócase unha saba sobre o chan e pídeselle ás persoas participantes que se coloquen de pé enriba dela. Ninguén pode pisar fóra da saba en ningún momento. Hai que conseguir darlle a volta por completo a saba.
 - c. **Reflexión:** Sentínme escoitado/a? Tiven conta as achegas doutras persoas? Foi sinxelo chegar a acordos? Logrouse o obxectivo? Por que?
- B. Agrupamento: 15 -20 persoas.
- C. Materiais que se precisan: Saba.
- D. Espazo/tempo: Indeterminado.
- E. Observacións: As instrucións deben ser claras pero concisas e débese procurar non dar pistas que axuden a resolver o desafío, senón que sexa o grupo quen aporte solucións.



A. Nome da dinámica/xogo: **QUE DECIDIMOS?**

(Fonte: Escola de Cultura de Pau).

- a. **Obxectivo:** Coñecer e valorar diferentes opcións para a toma de decisións, recoñecendo o consenso como a forma en que todas as persoas sítense representadas.
- b. **Desenvolvemento:** Ao comezo, expoñemos ao grupo a necesidade de tomar unha decisión sobre un tema (actividade complementaria a realizar, como unha saída, proxecto a facer durante o curso...). É preciso que sexa un tema sobre no que se sintan implicados. Explicamos as opcións e damos un tempo para que cada persoa reflexione individualmente sobre a súa opción preferida. Téñeno que poñer por escrito.

Nunha primeira quenda, o equipo de educadores/as escolle unha opción, que provoque controversia. Deixamos espazo para comentarios e recollemos por escrito para unha posterior avaliación da dinámica.

En segundo lugar, pedimos ao alumnado que se sente en círculo e realizaremos unha votación por maioría da opción preferida. Antes da votación, pode pedirse ao alumnado que así o desexe, que se poña no medio do círculo e expoña argumentos a favor da opción que segundo el/ela é a mellor. O resto do alumnado podería, a partir desta argumentación, cambiar a súa opción inicial. Cada participante anota no papel a opción escollida nesta ronda.

Nunha terceira quenda, invitamos ao alumnado a pasear polo espazo, debatindo cos demais compañeiros e compañeiras a súa opción preferida e intentando convencer aos demais. A partir de que dúas ou máis persoas se poñan de acordo na opción escollida, deberán camiñar xuntas e deberán decidir cal das dúas actuará como representante (a que teña maior capacidade negociadora). Seguirán camiñando polo espazo e no encontro con outras persoas ou grupos de persoas tratarán de convencelas. A quenda remata



cando todas se poñan de acordo nunha opción. Se non é posible, en grupos cun máximo de 2-3 opcións. Nese caso habería que decidir en gran grupo que facer. É preciso dar o tempo necesario, a pesar de que alguén se impaciente. Ao acabar, cada persoa pon no papel a opción escollida nesta terceira ronda.

Finalmente, en gran grupo comparamos o resultado das tres quendas, confirmamos a decisión e avaliamos.

- c. **Reflexión:** Preguntaremos ao alumnado como se sentiron en cada unha das quendas: Como vos sentíchedes na primeira quenda? Por que? E co resultado da segunda quenda? Que cambiou? E na terceira? Que diferencias hai entre as diferentes formas de tomar unha decisión? Modificáchedes a vosa opción inicial? Foi fácil chegar a un acordo? Que é necesario para que todos nos sintamos representados?

B. Agrupamento: Gran grupo.

C. Materiais que se precisan: papel e lapis.

D. Espazo/tempo: Espazo amplo en interior e tempo indeterminado.

E. Observacións: O **consenso** é a forma en que todas as persoas sítense representadas. Isto non quere dicir que todas as persoas compartan a opción escollida, senón que tivo a oportunidade de formar parte na elección, de discrepar, de sentirse escoitada...

Para poder chegar a tomar as decisións por este método, é necesario que no grupo exista un clima positivo (convencemento de que se pode chegar a unha solución) e de confianza entre as persoas.

Previamente é necesario que o alumnado aprenda a capacidade de comunicación asertiva e empática.

Esta dinámica pódese consultar en *“Juegos de paz. Caja de herramientas para educar hacia una cultura de paz.”* Barbeito, C. e Caireta, M. Catarata(2009).



7. COOPERACIÓN

A. Nome da dinámica/xogo: “E SI”

(Fonte: Escola de Cultura de Pau).

- a. **Obxectivo:** Valorar os beneficios da cooperación.
- b. **Desenvolvemento:** Trátase dunha carreira por equipos na que cada equipo debe lograr encher un recipiente cun litro de auga. Comézase colocando un caldeiro grande cheo de auga e recipientes para transportala. A unha distancia de 10 metros do caldeiro, e de xeito equidistante, colocamos un vaso medidor de líquidos por cada equipo.

Primeira quenda: O obxectivo de cada grupo é ser os primeiros en encher o vaso medidor, podendo usar os recipientes que queiran, ou a boca, mans... A única regra a ter en conta é que nin o cubo nin o vaso pódese mover. O xogo acaba cando todos os equipos logran encher o vaso (anótanse os tempos de cada equipo).

Segunda quenda: O obxectivo de cada grupo agora é que todos os equipos sexan capaces de encher 1 litro no menor tempo posible, seguindo as mesmas regras.

- c. **Reflexión:** Como foi a primeira quenda? Quen gañou? Como fixo para gañar? Quen perdeu? Por que? Canto tempo tardou cada equipo? Malgastouse moita auga? Na segunda quenda, que cambiou? Como vos organizastes? Canto tardastes en conseguir o obxectivo? Neste caso, malgastouse máis ou menos auga?

B. Agrupamento: a partir de 8 persoas, por equipos de de 4 ou 5.

C. Materiais que se precisan: Caldeiro grande, vasos medidores (1 por equipo), recipientes de varios tamaños (culleres, vasiños, vasiños de iogur...

D. Espazo/tempo: Exterior. 25 min.



E. Observacións: Como educadoras, permítenos observar tanto o nivel de competitividade como a capacidade de liderar.

Esta actividade está deseñada, a priori, para debater sobre o desigual reparto dos recursos. Pódese consultar enteira en “*Juegos de paz. Caja de herramientas para educar hacia una cultura de paz.*” Barbeito, C. e Caireta, M. Catarata(2009).

A. Nome da dinámica/xogo: **ENCHENDO A MOCHILA**

a. **Obxectivos:**

- i. Cooperar como grupo na identidade de cada neno/a.
- ii. Tomar conciencia dun mesmo.
- iii. Fortalecer a cohesión emocional do grupo

b. **Desenvolvemento:** a actividade desenvolveríase preferiblemente no exterior, ao aire libre, e cada alumno/a levaría a súa mochila (tamén se podería caracterizar ao alumnado cunha capa con capucha). A partir de aquí comezarían a reflexionar en silencio, á vez que camiñan, sobre eles mesmos e sobre cada un dos seus compañeiros/as, parándose para escribir nunha tarxeta, en positivo e de forma individual, a característica que pensen que identifica a cada un dos nenos/as. A partir de aquí buscarían o compañeiro/a e introduciríanlle a cada un, na mochila ou na capucha, a tarxeta. Cando todos e todas teñan todas as tarxetas leeríanas de maneira individual, para comprobar e/ou corroborar se o que cada un pensa sobre sí mesmo coincide co que o grupo identifica. Finalmente cada cal poñería en coñecemento do grupo o que todos lle escribiron.

c. **Reflexión:** a identidade de cada quen dentro dun conxunto non sempre é coincidente coa que se ten dun mesmo, polo que poñéndoo en común melloramos a cohesión do grupo ao dispoñer de todas e cada unha das miradas individuais.



- B. Agrupamento: gran grupo
- C. Materiais que se precisan: unha mochila ou capa con capucha, papeis/tarxetas e bolígrafos.
- D. Espazo/tempo: zona delimitada do patio/dúas sesións
- E. Observacións:



Itinerario: Plan Dixital

OBXECTIVOS:

1. Avaliar a competencia dixital do centro atendendo ás dimensións pedagóxica, tecnolóxica e organizativa para poder emprender un proceso de transformación.
2. Formar e sensibilizar na importancia da elaboración do plan dixital de centro para aproveitar os recursos dispoñibles.
3. Diseñar accións específicas encamiñadas á mellora da competencia dixital do centro e da comunidade educativa.


O itinerario do Plan Dixital que se atopa dentro do PFFP que se desenvolveu este curso no CEIP de BAROUTA, levouse a cabo dende o principio de curso mediante diferentes fases de traballo.

Nunha primeira fase, fíxose unha análise mediante un SELFIE e posteriormente, cos datos obtidos, elaborouse un DAFO.

Todo o profesorado tamén participou nun test de CDD.

O equipo de traballo para a elaboración do Plan Dixital, asistiu a varias sesións de formación, e cos datos obtidos do SELFIE, o test de CDD e o DAFO, estableceise un Plan de Acción cuns obxectivos que formarán parte do Plan Dixital do noso centro.

PLAN DIXITAL



Resumo obxectivos Plan Dixital Barouta

OBXECTIVO	TRABALLO A DESENVOLVER
1.- Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso .	MeteoBarouta
2.- Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso (ComuniKT) .	ComuniKT
3.- Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso	PFPP do curso 2022-2023.
4.- Anovar a páxina web e convertela no elemento integrador da comunicación das tarefas e procesos do centro.	Novo formato da web do colexio.
5.- Crear un repositorio de recursos propios en liña fomentando a creación e uso de recursos en galego.	Facer un repositorio.
6.- Organizar un grupo de traballo internivel para coordinar o uso de recursos dixitais	Incluir no Equipo TIC unha mestra ou mestre de cada ciclo e especialistas.

“Áreas de mellora”: Área F - F6 – Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

OBXECTIVO 1 :	Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso.			Acadado		
RESPONSABLE:	Dirección do Centro e Persoa coordinadora do Plan Proxecta+ (MeteoEscolas).			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de grupos participantes no proxecto interdisciplinar anual. (Instrumento: Memoria Anual)					
Valor de partida	0 grupos participan no proxecto interdisciplinar anual.					
Valor previsto e data	Tódolos grupos participan no proxecto interdisciplinar anual.			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO1.1: Acordar participación Plan Proxecta+.	Persoa directora do centro.	1a quincena de setembro 2022	Equipos e aplicacións informáticas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Difundir as actividades do proxecto na Páxina Web	Persoa responsable na páxina web.	Actualización regular. Mínimo unha vez ao mes.	Equipos informáticos. Web do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A01.3: Crear un grupo en Agueiro, asociado ao plan, para coordinación do profesorado participante.	Persoa coordinadora do Plan Proxecta+.	Novembro 2022	Equipos informáticos e web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Utilizar tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Mestra ou mestre de cada grupo.	Final de curso.	Equipos informáticos e outro equipamento tecnolóxico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Obter produtos finais.	Mestra ou mestre de cada grupo.	Final de curso	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia. Web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Área F - F6 – Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

OBXECTIVO 2 :	Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso (ComuniKT).	Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do Centro , persoa coordinadora equipo TIC, persoa coordinadora ComuniKT.	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de grupos participantes no proxecto interdisciplinar anual. (Instrumento: Memoria Anual)		
Valor de partida	0 grupos participan no proxecto interdisciplinar anual.		
Valor previsto e data	Tódolos grupos participan no proxecto interdisciplinar anual.	30-06-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Difundir o proxecto a nivel de centro.	Persoa directora do centro.	1a quincena de setembro 2022	Equipos e aplicacións informáticas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Difundir as actividades do proxecto na Páxina Web	Persoa responsable na páxina web. Alumnado Equipo ComuniKT.	Actualización regular. Mínimo unha vez ao mes.	Equipos informáticos. Web do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.3: Crear un grupo en Agueiro, asociado ao plan, para coordinación do profesorado participante.	Equipo TIC	Novembro 2022	Equipos informáticos e web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.4: Utilizar tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Mestra ou mestre de cada grupo.	Final de curso.	Equipos informáticos e outro equipamento tecnolóxico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.5: Obter produtos finais.	Mestra ou mestre de cada grupo. Alumnado Equipo ComuniKT.	Final de curso	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia. Web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: Área F - F6 – Fomento da participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais.

OBXECTIVO 3 :	Participar nun proxecto interdisciplinar ao longo do curso			Acadado		
RESPONSABLE:	Dirección do Centro e persoa coordinadora do PFPP			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de grupos participantes no proxecto interdisciplinar anual. (Instrumento: Memoria Anual)					
Valor de partida	0 grupos participan no proxecto interdisciplinar anual.					
Valor previsto e data	Tódolos grupos participan no proxecto interdisciplinar anual.			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Acordar participar nun PFPP.	Persoa directora do centro.	1a quincena de setembro 2022	Equipos e aplicacións informáticas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Difundir as actividades do proxecto na Páxina Web	Persoa responsable na páxina web.	Actualización regular. Mínimo unha vez ao mes.	Equipos informáticos. Web do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A03.3: Crear un grupo en Agueiro, asociado ao plan, para coordinación do profesorado participante.	Persoa coordinadora da liña PFPP.	Novembro 2022	Equipos informáticos e web		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.4: Utilizar tecnoloxías dixitais por parte do alumnado para a procura e selección de información.	Mestra ou mestre de cada grupo.	Final de curso.	Equipos informáticos e outro equipamento tecnolóxico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.5: Obter produtos finais.	Mestra ou mestre de cada grupo.	Final de curso	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia. Web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: C – Infraestructuras e equipos.

OBXECTIVO 4:	Anovar a páxina web e convertela no elemento integrador da comunicación das tarefas e procesos do centro.	Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección do Centro e Persoa coordinadora TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de mestras e mestres (ou Equipos) que usan a web e cantidade de contidos publicados. (Instrumento: Memoria Anual)		
Valor de partida	Os contidos actuais da páxina web.		
Valor previsto e data	A páxina web do centro renovada con novos contidos.	30-06-2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Buscar e valorar deseños e opcións para a renovación da páxina web.	Persoa directora do centro.	1a quincena de setembro 2022	Servizos informáticos externos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Dar a coñecer nova web ao Claustro	Persoa coordinadora TIC e persoa responsable da páxina web.	Unha vez esté o novo deseño.	Equipos informáticos. Web do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.3: Crear contas de usuarias/os para as mestras e mestres.	Equipo TIC	Antes do remate do 1º trimestre.	Equipos informáticos e web do Centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.4: Utilizar a páxina web por parte do profesorado como medio integrador e de comunicación.	Mestra ou mestre de cada grupo, especialistas,...	Final de curso.	Equipos informáticos e outro equipamento tecnolóxico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.5: Obter produtos finais.	Mestra ou mestre de cada grupo, especialistas,...	Final de curso	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia. Web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: C – Infraestructuras e equipos.

OBXECTIVO 5:	Crear un repositorio de recursos propios en liña fomentando a creación e uso de recursos en galego.			Acadado		
RESPONSABLE:	Dirección do Centro, persoa coordinadora Equipo TIC, persoa coordinadora EDLG.			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Existencia dun repositorio con materiais. (Instrumento: Memoria Anual)					
Valor de partida	Inexistencia do repositorio.					
Valor previsto e data	Existencia do repositorio.			30-06-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO5.1: Buscar opcións para o aloxamento do repositorio.	Persoa directora do centro.	1a quincena de setembro 2022	Servizos da Consellería (AMTEGA) Servizos informáticos externos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO5.2: Formar no uso do repositorio.	Equipo Directivo e persoa coordinadora Equipo TIC.	1º Trimestre	Equipos informáticos. Web do Centro. Tecnoloxía Dixital Básica.		Realizada	
					Aprazada	

					Pendente	
A05.3: Crear un espazo para o repositorio no aloxamento creado.	Equipo Directivo e persoa coordinadora Equipo TIC.	Despois da formación e creación do grupo de traballo colaborativo.	Equipos informáticos e web do Centro. Tecnoloxía dixital básica. Grupo de traballo colaborativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.4: Crear grupo colaborativo para deseñar e crear contidos dixitais para as diferentes áreas, módulos, etapas,... dispoñibles no repositorio.	Equipo Directivo e persoa coordinadora Equipo TIC.	2º e 3º trimestre	Equipos informáticos e web do Centro. Tecnoloxía dixital básica. Grupo de traballo colaborativo.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.5: Obter produtos finais no repositorio.	Mestra ou mestre de cada grupo, especialistas, alumnado, familias,...	Final de curso	Equipos informáticos e audiovisuais. Software de edición multimedia. Web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Áreas de mellora”: *LIDERADO – Mellora da comunicación interna/externa*

OBXECTIVO 6:	Organizar un Equipo TIC de traballo internivel para coordinar o uso de recursos dixitais.			Acadado		
RESPONSABLE:	Xefatura de Estudos			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Formación dun grupo coas coordinadoras e coordinadores de cada ciclo e equipo, así coma especialistas. (Instrumento: Memoria Anual)					
Valor de partida	Os actuais compoñentes do Equipo TIC					
Valor previsto e data	Equipo TIC que inclúa coordinadoras e coordinadores de ciclo, coordinadora de EDLG, coordinadora de biblioteca e especialistas: 1 compoñente do Dpto de Orientación, 1 mestra ou mestre de EF e 1 mestra ou mestre de Ling Ing.)			1ª quincena do curso 2022-2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO6.1: Crear o Equipo TIC internivel.	Xefatura de Estudos	1a quincena de setembro 2022	Convocatoria		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	